



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@concellodacapela.es · www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 27 DE DECEMBRO DE 2014

ASISTENTES:

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS:

D.^a MARINA BOUZA COUCE

D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ

D. FCO. JAVIER BOUZA BERMUDEZ

D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ

D.^a OLGA MARÍA BLANCO TEIJEIRO

D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO

SECRETARIO:

D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesiões desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do día vinte e sete de decembro de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnen os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria convocada para o día de hoxe.

Non asisten á sesión D.^a Delia Paz Ardao e D. Fernando Vilar Díaz.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 19 DE NOVEMBRO DE 2014

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data dezanove de novembro de 2014.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

2. PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR Á DEPENDENCIA. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde - Presidente ao pleno do Concello da petición de prórroga do contrato do Servizo de axuda no Fogar á dependencia, formulado pola empresa Servizos Sociais Virxe do Carme, S.L., en base ao contrato de prestación

de servizos asinado con esa empresa en data vinte e cinco de xaneiro de dous mil once. Sinala o Sr. Alcalde-Presidente que o contrato tiña unha duración de catro anos e prevía unha prórroga de dous anos máis.

O asunto foi informado favorablemente na Comisión Informativa de asuntos do Pleno realizada o derradeiro día trece de novembro de dous mil catorce.

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para manifestar que o que funciona ben non se debe tratar de arranxar.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, pregúntase senón sería mellor que o Concello asumira a prestación deste servizo?

Respótaselle polo Sr. Alcalde-Presidente que o Concello nestes intres non pode contratar persoal funcionario nin laboral con carácter fixo.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por maioría de votos (6 votos a favor dos Sres. /Sras. Concelleiros/as dos Grupos Municipais do PS de G - PSOE e Partido Popular e 1 abstención do Sr. Concelleiro do Grupo Municipal de AIAC), adopta o seguinte acordo:

1º. Prorrogar o contrato pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar á dependencia polo prazo de dous anos, de acordo co previsto na cláusula segunda do contrato asinado coa empresa Servizos Sociais Virxe do Carme, S.L. o día vinte e cinco de xaneiro de dous mil once.

2º. Notificar o presente acordo á empresa Servizos Sociais Virxe do Carme, S.L.

3.ORDENANZA DO SERVIZO MUNICIPAL DO SANEAMENTO DE AUGAS. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA

Dase conta polo Sr. Alcalde da redacción da Ordenanza do Servizo Municipal do saneamento de augas aos efectos de dar cumprimento ao previsto no Decreto 141 /2012 do 21 de xuño, polo que se aproba o regulamento marco do Servizo Público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia, no que se establece a obriga das entidades locais de elaborar regulamentos ou ordenanzas específicos en relación cos sistemas de saneamento e depuración.

O presente asunto foi informado favorablemente na Comisión Informativa de asuntos do pleno realizada o derradeiro día dezanove de decembro de dous mil catorce.

Polos voceiros dos Grupos Municipais do Partido Popular e AIAC, D. José Seco Fernández e D. Marcos Rodríguez Calvo, remítense ao xa manifestado na mencionada Comisión informativa de asuntos do pleno.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar inicialmente a ordenanza do Servizo Municipal do saneamento de augas.

2º. Expoñelo ao público no Boletín oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días.

3º. Solicitar de Augas de Galicia o informe preceptivo da mencionada ordenanza do Servizo Municipal do Saneamento de augas antes da súa aprobación definitiva.

4º. No suposto de non terse presentado reclamacións ou alegacións e se o informe preceptivo de augas de Galicia fose favorable entenderase definitivamente adoptado o acordo inicial de aprobación da ordenanza do Servizo Municipal de saneamento de augas.

4. ADHESIÓN AO CONVENIO FEMP -DGT. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente do Convenio de colaboración entre a FEMP e DGT para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa en materia de xestión dos censos de condutores de vehículos e xestión tributaria do imposto de vehículos de tracción mecánica.

Sinala o Sr. Alcalde-Presidente que a sinatura deste convenio favorece aos veciños e veciñas do Concello, xa que moitos trámites que tiñan que facerse na Xefatura Provincial de Tráfico da Coruña, poderán xestionarse directamente dende o Concello.

O asunto foi informado favorablemente na derradeira Comisión informativa de Asuntos do Pleno realizada o día dezanove de decembro de dous mil catorce.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dixe que o seu Grupo está a favor deste tipo de convenios que en certa maneira tiñan que ser obrigatorios entre administracións e en moitas materias de índole administrativo.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, remítese ao xa manifestado na Comisión informativa de asuntos do Pleno.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1º. Solicitar a adhesión íntegra do Concello da Capela ao convenio suscrito entre o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios e Provincias, para o intercambio de información e mutua colaboración administrativa.

2º. Remitir a mencionada solicitude de adhesión ao Convenio á Xefatura Provincial de Tráfico da Coruña, aos efectos da sinatura do correspondente protocolo de adhesión ao Convenio.

5. DECRETOS E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. DAR CONTA

Dase conta dos decretos e resolucións da Alcaldía dende o día 18 de outubro de 2014 ata o día 15 de decembro de 2014, que de seguido se relacionan:

OUTUBRO:

- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 20 de outubro de 2014, alta no Padrón Municipal de Habitantes de Dna. María Carmen Caabeiro González, no lugar de A Serra (A Capela).
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 20.10.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 20.10.2014, aprobación facturas-pago.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 24 de outubro de 2014, concesión do período de vacacións á Secretaria do Xulgado de Paz Dna. María Celia Couce Moreira, dende o 4 ata o 11 de novembro e do 21 ao 27 de mesmo mes.
- **SERVIZOS SOCIAIS:** Resolución da Alcaldía de data 27 de outubro de 2014, extinción do Servizo de Axuda no Fogar a D. Manuel Permuy Filgueiras.
- **SERVIZOS SOCIAIS:** Resolución da Alcaldía de data 27 de outubro de 2014, extinción do Servizo de Axuda no Fogar a D. Manuel Ardao García.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 30.10.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 30.10.2014, aprobación facturas-pago.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 31 de outubro de 2014, concesión de un día por asuntos propios a Traballadora Social Dna. María America Uceira Criado, o día 3 de novembro de 2014.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 31 de outubro de 2014, incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística respecto das actuacións realizadas por Dna. Josefina Pérez Calvo, veciña do lugar de Formariz, 3.

NOVEMBRO:

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 03.11.2014, aprobación gasto.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 4 de novembro de 2014, concesión licenza urbanística a D. Héctor Paz Ardao para "Construcción de cerramento de parcela", no lugar de Os Vilariños, 3 - A Capela.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 4 de novembro de 2014, levar a cabo as obras de "Remodelación do parque fronte ao edificio de usos múltiples", mediante o procedemento de contrato menor, coa empresa Transportes y Excavaciones Jesús Cancelo Fernández y Otro, S.P.C. por importe de 6.785,73 euros.

- **CONTABILIDADE:** Resolución da Alcaldía de data 4 de novembro de 2014, alta no Directorio Común de Unidades Orgánicas e Oficinas (DIR3) unidades orgánicas e oficinas do Concello da Capela sobre a facturación electrónica.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.11.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.11.2014, aprobación facturas-pago.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 7 de novembro de 2014, aprobación certificación número (1) da obra "Pavimentación de vías municipais: A Porta-San Boulo e outros", por importe de 32.800,00 euros, presentada pola empresa Ágada Occidente, S.L.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 11 de novembro de 2014, aprobación certificación número dous (2) e derradeira da obra "Saneamento de augas residuais en Estoxa" por importe de 6.004,80 euros, presentada pola empresa Transportes y Excavaciones Jesús Cancelo Fernández y otro, S.P.C.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 12.11.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 12.11.2014, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 15.11.2014, aprobación gasto.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 17 de novembro de 2014, concesión de un día por asuntos propios a funcionaria Dna. Olga Galdo López, o día 21 de novembro de 2014.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 18.11.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 18.11.2014, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.11.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.11.2014, aprobación facturas-pago.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 19 de novembro de 2014, concesión de un día por asuntos propios a Secretaria do Xulgado de Paz, Dna. María Celia Couce Moreira, o día 2 de decembro de 2014.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 19 de novembro de 2014, aprobación certificación número un (1) da obra "Pavimentación de vías municipais: A Barbela - AC-121", por importe de 35.125,70 Euros, presentada pola empresa Concifa, S.L.
- **SUBVENCIONS:** Resolución da Alcaldía de data 24 de novembro de 2014, participar na convocatoria da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural que regula o Plan Marco Programa de Mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 24 de novembro de 2014, alta no Padrón Municipal de Habitantes de D. Pablo Saavedra Roel, no lugar de Gunxel, 10, parroquia de A Capela.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 24 de novembro de 2014, período de vacacións a Bibliotecaria Municipal Dna. María Isabel Franco Rodríguez, dende o día 9 ao 18 do mes de decembro de 2014.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 25 de novembro de 2014, cambio de enderezo de D. Jesús Franco Rodríguez, de Mourente, 7 PBJ a Mourente 7-1º andar.
- **RÉXIME INTERNO:** Resolución da Alcaldía de data 26 de novembro de 2014, recoñecemento do noveno trienio ó funcionario municipal D. Jesús Franco Rodríguez.

- **SUBVENCIONS:** Resolución da Alcaldía de data 26 de novembro de 2014, solicitar á Deputación Provincial da Coruña subvención nominativa por importe de 39.583,03 €, para adquisición dun tractor compacto con trituradora de 180 para limpeza de vías municipais e trituradora de 130 para parques e xardíns.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 26 de novembro de 2014, cambio de enderezo de D. Celso Rodeiro Sardiña e Dna. Josefina Rodríguez Arnos.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 26.11.2014, aprobación gasto.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 28 de novembro de 2014, alta no Padrón Municipal de Habitantes de D. Xoan Carlos Meizoso Loureiro, en Calzados, 2 (Caaveiro)
- **PADRONS FISCAIS:** Resolución da Alcaldía de data 28 de novembro de 2014, aprobación do Padrón Fiscal de RSU 4º trimestre de 2014.

DECEMBRO:

- **CONTRATACION:** Resolución da Alcaldía de data 1 de decembro de 2014, aprobación certificación número un (1) e final da obra "Pavimentación da vías municipais: A Barbela-AC-121", por importe de 34.874,30 €, presentada pola empresa Construcciones Concifa, S.L.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 01.12.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 01.12.2014, aprobación facturas-pago.
- **SUBVENCIONS:** Resolución da Alcaldía de data 3 de decembro de 2014, solicitude á Deputación Provincial da Coruña de subvención por importe de 50.416,9 €, para a realización das obras de "Modificación do punto de verquido da EDAR de Gunxel e adecuación do seu entorno".
- **SERVIZOS:** Resolución da Alcaldía de data 4 de decembro de 2014, prorrogar o contrato de prestación do servizo de limpeza dos edificios de titularidade municipal por un período de dous anos coa empresa Limpiezas La Unión-Alberto López Vázquez.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 4 de decembro de 2014, concesión do día 5 de decembro de 2014 á funcionaria Dna. Josefina Fernández Ferreira.
- **CONTABILIDADE:** Resolución da Alcaldía de data 5 de decembro de 2014, alta no Directorio Común de Oficinas e Unidades (DIR3) do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas os distintos órganos e unidades administrativas do Concello da Capela.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 09.12.2014, aprobación gasto.
- **SUBVENCIONS:** Resolución da Alcaldía de data 12 de decembro de 2014, solicitar á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, subvención por importe do 100% da cantidade asignada a este concello con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental 2014.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 15.12.2014, aprobación gasto.

O Pleno queda enterado.

6. MOCIONS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS

Non se presentou ningunha moción.

7. ROGOS E PREGUNTAS

Rogos. Non se formulou ningún rogo.

Preguntas.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, fórmulase "in voce" a seguinte pregunta:

Si se tomou algunha decisión sobre o tema da cesión da escola de Guitiriz á Asociación do Museo etnográfico?

Respótaselle polo Sr. Alcalde - Presidente que na derradeira Xunta de voceiros, tratouse o asunto, xa que dende a Asociación do Patronato do Museo etnográfico remitíronse cartas a todos os concelleiros, sinalando que non se estaba de acordo coas condicións plantexadas pola Alcaldía para a cesión do inmovible da escola de Guitiriz.

Na Xunta de voceiros acordouse que o Concello se fixera cargo do subministro de enerxía eléctrica e das reparacións por causas extraordinarias e forza maior, correndo a cargo da Asociación do Patronato do Museo etnográfico, a limpeza e o mantemento ordinario do edificio e do terreo anexo.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas e catorce minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,


Manuel Meizoso López

O Secretario,


José A. Meizoso Paz